

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DE 10 POSTES ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN EN PARADA AOS USUARIOS DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO

**I
DISPOSICIÓN XERAIS**

1.- OBXECTO DO CONTRATO (arts. 22, 74 e 100 LCSP, 67 RG)

O obxecto do contrato é o subministro de 10 postes electrónicos de información en parada aos usuarios do transporte urbano de Santiago.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual, e que forman parte deste documento.

O devandito obxecto corresponde ao código 34928440-4 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN (arts. 40.1 e 291 LCSP, 4 RG)

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome de TUSSA é o seu Consello de Administración.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

3.1.- O contrato é de natureza civil como corresponde ao carácter dos contratantes, suxeitos ao dereito privado.

3.2.- A pesar do carácter civil dos contratantes, aplicarase a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, tal e como establece o seu artigo 3, modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto, por tratarse dunha sociedade mercantil participada directamente polo Concello de Santiago.

3.3.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter privado, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 20 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto, quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que o substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.4.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos ante os xulgados civís de Santiago de Compostela, por tratarse dun contrato privado tal e como establece a Lei 30/2007.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR (art 43, 45, 46,47, 53 e 61.3 LCSP e arts. 9 e 10 RG)

4.1.- Poderán contratar con TUSSA as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49 do LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 LCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

4.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscrición considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 206.g) da LCSP. (art. 53 LCSP)

Para estes efectos os licitadores deberán aportar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) Relación de méritos do máximo responsable e encargado da execución do contrato, que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na realización de traballos con idénticas características ás do contrato, na que se indicará a súa titulación académica e profesional.

B) número de traballadores, especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais: relación de material, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ó contrato, axeitada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Documentación que xustifique a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil do empresario, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). Non obstante requirirá autorización previa da administración.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte.

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 73.1 da LCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do Concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 45.1 LCSP)

4.4.- Os que contraten con TUSSA, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo secretario ou vicesecretario do Consello de Administración, consignándose expresamente

a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN (arts. 76 e 278 LCSP)

5.1.- O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE, que deberá soportar TUSSA fíxase en 61.000 euros.

O IVE correspondente (18% do orzamento base anterior) ascende a 10.980 euros.

Nas cantidades sinaladas, así como nas fixadas nas proposicións económicas presentadas e no importe da adxudicación, atópanse incluídos a totalidade dos gastos que ao adxudicatario lle poida producir a realización do presente contrato. Igualmente están incluídos os gastos de entrega e transporte dos bens do subministro ata o lugar convindo e, no seu caso, os gastos de instalación dos referidos bens, non podendo superar estes últimos o 49% do prezo máximo do contrato.

6.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES

Non se esixe clasificación.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO (art. 26.1.k LCSP e 67.2.d RG)

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo ao orzamento aprobado polo Consello de Administración de 20 de decembro de 2010.

8. REVISIÓN DE PREZOS (arts 77 e ss. LCSP).

Non procede

9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN (arts. 23, 197 e 279 LCSP)

9.1.- O contrato terá un prazo máximo de execución de CINCO MESES, a contar desde o día que se estipule no contrato.

II ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN (arts. 93.4, 134, 141 e 144 LCSP)

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 LCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar TUSSA, é coincidente co orzamento de licitación establecido na cláusula 5 do presente prego. (arts. 76 LCSP)

10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan na cláusula seguinte, por ser os adecuados para

avaliar o interese das melloras que se oferten respecto das características dos servizos a realizar.

10.3.- Criterios de adxudicación. Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato os seguintes, por orde decrecente de importancia con arranxo á seguinte ponderación:

CRITERIOS DE VALORACIÓN

1) Proposta económica: ata 12 puntos.

Para a valoración da baixa efectuada aplicarase a seguinte fórmula:

$(\text{Tipo de licitación} - \text{oferta empresa}) \times (\text{puntos do criterio}-1) + 1$

Tipo de licitación - límite da baixa (oferta máis baixa)

2) Melloras ofertadas: ata 4 puntos.

A realización da obra civil necesaria para a instalación e posta en funcionamento dos postes electrónicos.

O ofertante deberá indicar o número de postes e localización para os que se encargará da obra civil.

O ofertante que ofrezca a obra civil do maior número de postes acadará a máxima puntuación, e os demais puntuaranse de forma proporcional.

3) Redución do prazo: ata 4 puntos.

Á oferta con maior redución do prazo asignaráselle 3 puntos e ao resto de forma proporcional.

11.- GARANTÍA PROVISIONAL

De acordo co establecido no artigo 91.1 da LCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisional.

12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN (art. 129.1 LCSP e art.80 RG)

12.1.- As proposicións presentaranse nas oficinas de TUSSA (praza de Camilo Díaz Baliño, s/n- estación de autobuses, CP 15704 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.

12.2.- A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-574 324), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos

non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

12.3.- Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas de TUSSA.

12.4.- A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS (arts. 61, 129 e 130 LCSP e art. 80 RG)

13.1.- As proposicións constarán de 2 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente “SUBMINISTRO DE 10 POSTES ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN EN PARADA AOS USUARIOS DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO” e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax , e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folla independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

13.2.- SOBRE Nº 1 Subtitulado: Documentación Xeral

O seu contido será o seguinte:

13.2.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

13.2.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Si se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 44 LCSP)

13.2.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

13.2.1.3.- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adjudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

Os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego.

As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

13.2.2.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 49 da LCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 62 e 130.1.c) LCSP) así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela. (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

13.2.3.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

13.2.4.- Documentación acreditativa da solvencia económica e técnica, de acordo co disposto no apartado 4.2 deste prego.

13.2.5.- A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 130.3 LCSP).

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

13.3.- SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de “SUBMINISTRO DE 10 POSTES ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN EN PARADA AOS USUARIOS DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO”

Os licitadores incluirán neste sobre a documentación relacionada cos criterios de adjudicación número 1 “**oferta económica**”, número 2 “**melloras**” e número 3 “**redución do prazo**”, avaliados mediante cifras ou porcentaxes, contendo todos os elementos que a integran.

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 5 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. (art. 129.5 LCSP)

En relación aos restantes criterios de adjudicación, deberase aportar o seguinte:

- Declaración da redución do prazo.
- Compromiso da parte civil que inclúe nas melloras, de ser o caso.

13.4.- Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de

devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate, agás o criterio da proposición económica, que terá carácter excluínte.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscria na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato.

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscrias. (art. 129.3 LCSP)

14.- MESA DE CONTRATACIÓN (art. 295 LCSP e art. 79 RG)

A Mesa de Contratación estará integrada por:

Presidente: o presidente do Consello de Administración ou o vicepresidente por delegación.

Vocais:

Un representante de cada grupo político municipal representado no Consello de Administración.

O director xerente.

A interventora municipal de fondos, ou persoa que a substitúa.

Actuará como secretario o vicesecretario do Consello de Administración ou, de ser o caso, o secretario deste órgano.

Aos efectos de axilidade no procedemento, as xuntanzas da mesa de contratación serán convocadas aos seus membros vía fax ou correo electrónico.

15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL (arts. 71 LCSP e 22, 81 e 82 RG)

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende.

Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

16.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

16.1.- A Mesa de Contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE Nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do SOBRE Nº 2 dos licitadores admitidos contendo a oferta económica.

A apertura deste SOBRE Nº 2 terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do SOBRE Nº 1 e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de *3 días hábiles* á súa celebración.

Concluída a apertura das proposicións, o presidente da Mesa invitará de novo aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento se deixará constancia na acta da xuntanza da Mesa.

16.2.- A Mesa de Contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas xuntanzas e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte a TUSSA. (art. 144.2 LCSP).

17.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a **garantía definitiva** que sexa procedente por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído IVE.

A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, ou por retención de parte do prezo, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP,

debedo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, en TUSSA.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditarlo mediante declaración responsable.

- A acreditación de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela realizarase presentando certificación, expedida polo propio ente municipal, xustificativa de tal circunstancia.

Se no citado prazo non se cumprisen as indicacións sinaladas nos parágrafos anteriores, entenderase que o licitador proposto como adxudicatario retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte na orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que

están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

18.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran no prego.

A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicaráse no perfil do contratante.

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ó adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 145.2 LCSP)

III

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO (art. 140 LCSP)

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación na forma prevista no artigo 135.4 da LCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 48 LCSP)

Con anterioridade á sinatura do contrato, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación nos diarios oficiais e medios de comunicación que correspondan.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso privado, segundo establece o art. 20 da LCSP.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a formalización do mesmo.

IV

EXECUCIÓN DO CONTRATO

20.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OXECTO DO CONTRATO (art. 41 LCSP)

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

21.- OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA

O contrato executarase con estrita suxeción ás estipulaciones contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle dese o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

Os bens obxecto do subministro deberán ser entregados e instalados nas localizacións determinadas no prego de condicións técnicas. Se por algún motivo, alleo ao contratista, as localizacións non estiveran acondicionadas para a colocación no prazo de execución, depositaranse nas dependencias da estación de autobuses dentro do prazo sinalado na cláusula 9 do presente prego, ou no que ofertase o contratista na súa proposición, se fose menor. De todas formas deberán proceder á instalación dos postes no momento en que a localización estivese acondicionada.

O mantemento dos bens subministrados realizarase igualmente de acordo coas prescricións técnicas, rexéndose os seus efectos, cumprimento e extinción polo presente prego e polas normas da LCSP correspondentes ós contratos de servizos.

TUSSA poderá inspeccionar as diferentes fases de elaboración dos bens a subministrar. Así mesmo o órgano adxudicador poderá efectuar por si mesmo, ou ordear ao contratista, a costa deste, a realización de análises, ensaios e probas dos materiais empregados e dos bens a subministrar, a fin de comprobar que se adecuan á calidade e idoneidade ofertadas polo adxudicatario.

O contratista estará obrigado a realizar todas as operacións que resulten necesarias para a instalación, posta en funcionamento ou posta en marcha dos bens a subministrar, de conformidade co establecido no prego de prescricións técnicas, considerándose o seu custo incluído no prezo do contrato.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, respondendo este da calidade dos bens e dos vicios ocultos que puideran apreciarse durante o prazo de garantía. (art. 199 e 268.2 LCSP)

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os defectos que se poidan apreciar que sexan consecuencia directa e inmediata dunha actuación ou orde de TUSSA.

O contratista non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega a TUSSA, salvo que esta incorrese en moura ao recibilos.

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde de TUSSA será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 198 LCSP)

O contratista será responsable de obter as cesións, permisos e autorizacións dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación que, no seu caso, resulten necesarias, correndo pola súa conta o abono das indemnizacións que puidesen corresponder por tales conceptos. Así mesmo, serán responsables de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar, no seu caso, a TUSSA de todos os danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse con motivo da interposición de reclamacións.

Cando o acto de recepción dos bens obxecto da subministración sexa posterior á súa entrega, TUSSA será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que medie entre unha e outra.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

22.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adjudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado por TUSSA, que se indicará como partida independente. (art. 129.5 LCSP)

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

23.- ABONOS AO CONTRATISTA (art. 200 LCSP)

O contratista terá dereito ao abono dos subministros efectivamente entregados e formalmente recibidos por TUSSA. O pago do prezo do contrato realizarase na forma que a continuación se detalla, de acordo cos prazos previstos na cláusula 9 do presente prego, e previo informe favorable ou conformidade do director xerente que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable do mesmo.

O pago realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo director xerente.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión forneza efectos, e TUSSA expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 201 LCSP)

24.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS (art. 196 LCSP)

O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na cláusula 9 do presente prego.

Se chegado o final do traballo, o contratista incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, TUSSA poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá TUSSA respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte de TUSSA.

Si se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, TUSSA poderá, a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 197.2 da LCSP.

25.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMIENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato. (art. 196.1 LCSP)

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

Infraccións:

- As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

- Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.

- O incumprimento polo adxudicatario da normativa en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e Seguridade Social dos empregados.

- Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte do obxecto do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa de TUSSA.

- As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.

- O incumprimento da obriga do contratista de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ó contrato, sempre que mediara requirimento de TUSSA para a corrección destas circunstancias, non atendido no prazo dun mes.

- O incumprimento reiterado das ordes de TUSSA para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.

- Falsear información a subministrar ao órgano de control de TUSSA, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.

- A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.

-O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para o contratista.

- Consideraranse infraccións graves :

- O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ó contrato, agás que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

- O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- A obstrución polo adxudicatario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control de TUSSA, cando non sexa cualificada de moi grave.
- A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.
- A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

- Considéranse infraccións leves:

- Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.
- Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, TUSSA porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

Sancións:

- As infraccións cometidas polo xestor sancionaranse da seguinte forma:
- As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.
- As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.
- As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050,60 euros ou declarar a resolución do contrato.

Todas as sancións imporanse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

V
SUBCONTRATACIÓN

26.- SUBCONTRATACIÓN (art. 210 LCSP)

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 60% do importe de adxudicación do contrato.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha

antelación mínima de 5 días hábiles á data en que vaia iniciarse a execución do subcontrato, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

Comunicación do subcontrato a celebrar, subscrita polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do contrato a subcontratar e o seu importe.

Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 49 da LCSP.

Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houberse, non exceden do 60% do importe de adxudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.

Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 210 da LCSP.

As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución, deberán ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

Será requisito indispensable para o abono das correspondentes certificacións ou facturas ao contratista, que o director ou supervisor da execución do contrato emita informe ou dilixencia facendo constar a porcentaxe subcontratada ata a data polo contratista para a execución do contrato principal ou, no seu caso, constatando que non se produciu subcontratación.

VI MODIFICACIÓN DE CONTRATO

27.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 194, 202 e 282 da LCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 140 e 202 da LCSP.

28.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO (art. 203 LCSP e 103 RG)

Se TUSSA acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 200.5 da LCSP e a cláusula 25.2 do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, TUSSA abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 276 da LCSP.

VII FINALIZACIÓN DO CONTRATO

29.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO (arts.205, 283 LCSP e arts.108, 203.2 e 204.3 RG)

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción de TUSSA.

Se o obxecto do contrato non se atopase en condicións de ser recibido, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, a prestación efectuada non se adecúa ao contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, TUSSA poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

30.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de en os supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 206 e 275 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 207 e 276 da LCSP.

31.- PRAZO DE GARANTÍA (art. 205.3 e 283.2 LCSP)

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal TUSSA poderá comprobar que o subministro realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar nos bens subministrados, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 208.4 da LCSP.

Si se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens fornecidos, TUSSA poderá esixir ao contratista a reposición dos que resulten inadecuados, ou a reparación dos mesmos, se esta fose suficiente.

Durante o prazo de garantía o contratista poderá coñecer e manifestar o que estime oportuno sobre a utilización dos bens subministrados.

Se o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e exista a presunción de que a reposición ou reparación de devanditos bens non será bastante para lograr o fin poderá, antes de expirar devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista, quedando exento da obrigaón de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

32. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA (art. 90 LCSP)

Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

Transcorrido seis meses desde a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 88 da LCSP.

33.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ao seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada por TUSSA con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e a facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

34.- DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden a TUSSA con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita de TUSSA.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva de TUSSA. Nin a empresa adxudicatario nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou



facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente de TUSSA.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.

35.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES

A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios do contrato soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizarase á súa costa.

Transcorridos 4 meses desde a adxudicación definitiva do contrato sen que fora solicitada a súa devolución, TUSSA procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona, con
DNI nº, maior de idade, con domicilio en
....., vistos os pregos de
cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados por TUSSA para a
contratación do “SUBMINISTRO DE 10 POSTES ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN EN PARADA
AOS USUARIOS DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO”, e aceptando integramente o
contido dos mesmos, en nome
(propio ou das persoa/s ou entidade/s que representa especificando neste último caso as súas
circunstancias), comprométese a executar o contrato de referencia e a cuxos efectos fai
constar:

1º Que ofrece o seguinte prezo consonte á seguinte desagregación:

Prezo sen IVE: _____ euros

Importe do IVE: _____ euros

Importe total: _____ euros

2º Que acompaña a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

Lugar, data e sinatura do licitador

ANEXO II

Don/Dona con DNI nº e domicilio en en nome propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de “SUBMINISTRO DE 10 POSTES ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN EN PARADA AOS USUARIOS DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO” **declara** que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP.

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO III

(Modelo de Aval)

La Entidad _____ (1), con CIF nº _____, domicilio en (2) _____, nº _____, código postal _____, y en su nombre _____ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

AVALA

A _____ (4), con NIF/CIF nº _____ en virtud de lo dispuesto en los artículos 83 y siguientes de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, para responder de las obligaciones derivadas del contrato de _____ (5) tramitado por TUSSA, en concepto de garantía _____ (6) por importe de _____ Euros (_____).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento de Contratación Administrativa. Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por TUSSA, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de contratación de TUSSA o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos del Sector Público y legislación complementaria.

En _____ a _____ de _____ de _____

Fdo. _____

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE _____ (7)

Provincia Fecha Número o código

(1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.

(4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Objeto del contrato. (6) Garantía Provisional/Definitiva. (7) Cítese la Administración que bastatea el poder.

ANEXO IV

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE 10 POSTES ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN EN PARADA, ASÍ COMA OS TRABALLOS PREVIOS, A INSTALACIÓN, SISTEMAS E APLICACIÓN S INFORMÁTICAS NECESARIAS PARA A INTEGRACIÓN E O CORRECTO USO E EXPLOTACIÓN DO MESMO.

Os postes electrónicos estarán especialmente deseñados para o Sistema de Axuda á Explotación do servizo de transporte urbano e serán de última xeneración, con perfecta integración no contorno urbano ou histórico da cidade, dotados de sistemas antivandálicos.

As diversas posibilidades de presentación e o seu deseño permitirá unha redución dos custos de mantemento, así como traballar con calquera dos protocolos aportados por TUSSA. Ademais, o deseño deberá ser válido para a súa instalación no casco histórico da cidade. Para isto o contratista fará as modificacións necesarias no deseño para adaptalo aos requerimentos do Concello de Santiago.

As dimensións mínimas das pantallas será de 550 x 380 mm ou ben 28 “

Cando o poste estea en zona de paso de peóns, obligara á parte máis baixa da pantalla a estar dous (2) metros sobre o nivel do chan.

Os postes terán distintas posibilidades de comunicación, podendo ser a través de RS-232, RS-485, Ethernet, GSM/GPRS, Wifi, etc.

Permitirán o acceso á súa mecánica mediante porta practicable, estarán protexidos contra picos e transtornos de tensión de alimentación, que será de 230 V de CA, permitirán o seu funcionamento con temperatura ambiente entre - 20º C e + 70º C e terán unha vida operativa mínima de 80.000 horas.

A pantalla terá como mínimo tres (3) liñas de resolución con vinte (20) ou máis caracteres por liña, unha intensidade luminosa maior de 2.000 mcd e permitirán un ángulo de visión mínimo de 60 grados.

A información que debe permitir presentar o sistema en pantalla, como mínimo, é a seguinte:

- Chegada de vehículos á parada: número de liña, destino, minutos para chegada.
- Mensaxes predefinidas.
- Mensaxes corporativas, institucionais, publicitarias, etc...
- Mensaxes a tempo real dende a central.

A mesma información tamén se presentará en voz.

Están excluídos:

- a) Os custos de acometida eléctrica e/ou obra civil auxiliar necesaria para a mesma, así como as licencias de obra e similares; salvo os propostos como mellora na súa oferta. Considérase que se dispón de alimentación eléctrica ininterrompida nas marquesiñas ou puntos significativos, xunto as proteccións correspondentes.
- b) Custos de consumo de enerxía eléctrica.

Sendo de interese común e beneficio mutuo elaborar de forma óptima as distintas propostas e dispoñer das mellores ofertas, colaborarase plenamente en todo aquilo que estea ao noso alcance, poñendo a disposición dos oferentes toda a información posible e facilitando o coñecemento de todo aquilo que estes precisaran sobre os actuais sistemas ou os distintos aspectos e requirimentos do presente prego (reunións, visitas para coñecer sistemas e instalacións, etc.).

O oferente deberá aportar unha descrición detallada de cada un dos sistemas que propoña e das funcionalidades que implementen, así como unha valoración dos mesmos na que se inclúan todas as xestións e traballos necesarios para a súa correcta posta en servizo e funcionamento; instalados e configurados (incluíndo análise previa de requirimentos técnicos e funcionais, deseño de equipos, traballos, materiais necesarios, etc.).

A nivel de equipamento establécese o subministro de 10 POSTES ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN EN PARADA, a xestión de información para a súa posta en servizo, correcto funcionamento e integración co resto dos sistemas da empresa operadora do transporte urbano, especialmente co SISTEMA DE AXUDA Á EXPLOTACION (SAE) actualmente en servizo, do que recibirá a información, mediante a creación dunha interface por parte do oferente.

Como elementos necesarios para unha correcta explotación precísase, ademais da instalación, sistemas de control, xestión e backoffice, aplicacións remotas para control, xestión, mantemento, configuración e intercambio de datos cos equipos e/ou sistemas de paneis informativos que completen e complementen as xestións realizadas e os datos manexados polos sistemas de información.

En cada caso, o oferente deberá aportar unha descrición detallada dos sistemas referidos e todos aqueles que puideran ofrecer (que non sexan esixidos neste prego) e das funcionalidades que implemente, así como unha valoración dos mesmos na que se inclúan todas as xestións e traballos necesarios para a súa correcta posta en servizo e funcionamento.

De resultar os sistemas de interese, esta indicará os axustes a introducir nos mesmos, así como as condicións de subministro, desenvolvemento e instalación específicas que se consideren de aplicación.

Os dez postes informativos estarán situados nas seguintes localizacións:

- ✓ Virxe da Cerca – Praza de Abastos (dirección norte)
- ✓ Rúa da Senra (dirección sur)
- ✓ República Arxentina I



- ✓ República Arxentina II
- ✓ Rúa do Hórreo (cruce con Gómez Ulla)
- ✓ Rosalía de Castro (cruce con Romero Donallo)
- ✓ San Roque (dirección norte)
- ✓ San Roque (dirección sur)
- ✓ Rúa París – centro comercial
- ✓ Avda. de Castelao – Centro de saúde (dirección centro da cidade)